



O período voluntario de cobranza da taxa de recollida de lixo do exercicio tributario 2013 do Concello da Guarda será do día 1 de febreiro de 2013 ó 1 de abril de 2013, ámbalas dúas datas inclusive.

A taxa deberá satisfacerse a través das seguintes entidades bancarias:

BANCO DE GALICIA	BBVA	BANESTO
NOVAGALICIA BANCO	LA CAIXA	BANCO PASTOR
BANCO SANTANDER	BANCO GALLEGO	

O vencemento do prazo en periodo voluntario sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comenzo do procedemento de constrinximento, coa percepción do recargo da mora e demais conceptos exisibles, tal e como se fixa no artigo 160 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro, Xeral Tributaria e nos artigos 69 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

A Guarda, 17 de xaneiro de 2013.—O Alcalde, Jose Manuel Domínguez Freitas.

2013000676

* * *

O GROVE

E D I C T O

De conformidade co establecido no art. 59.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, faise pública a notificación da resolución que a continuación se indica aos seguintes interesados/as, xa que habéndose intentado a notificación no seu último domicilio coñecido esta no se puido practicar.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O Grove, 27 de novembro de 2012

RESTAURACIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Expte: 37/2012

Obra Retirada e reposición de cuberta alzando paredes exteriores e construción de forxado e muros exteriores en fábrica de ladrillo.

Promotora TERESA FONTAN GOMEZ

Emprazamento Porto Meloxo 15 A

Antecedentes:

O expediente de restauración da legalidade urbanística iniciouse por resolución da alcaldía de 28/08/2012.

Constan informe da policía local e de técnico municipal a instancias de denuncia de particular, dando conta da execución das obras descritas sen axustarse a licenza municipal.

Outorgouse audiencia aos interesados sen que se formularsen alegacións.

Fundamentos xurídicos

Son obxecto do presente expediente administrativo de reposición da legalidade urbanística, as obras executadas pola promotora Teresa Fontán Gómez, que se encontraban en execución no mes de agosto do ano 2012, en Porto Meloxo 15-A.

Ditas obras consisten en: Retirada e reposición de cuberta alzando paredes exteriores e construción de forxado e muros exteriores en fábrica de ladrillo.

As referidas obras executáronse sen axustarse a licenza municipal concedida pola Xunta de Goberno Local o 13/07/2012 para reparación de tellado.

As citadas obras teñen a condición de non legalizables por constituír un incremento de volume nunha edificación fora de ordenación, segundo o establecido na Ordenanza 7 das Normas Subsidiarias do Planeamento municipal do Grove e na ordenanza provisional número 3 de núcleos rurais, do Decreto 208/2002, do 20 de xuño, de suspensión das normas subsidiarias de Planeamento municipal do Grove, publicado no Diario Oficial de Galicia do 21 de xuño de 2002. Sendo así mesmo aplicables o artigo 48,2 do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia e o artigo 103 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

As obras obxecto do presente expediente de reposición da legalidade atópanse terminadas e non transcorreu o prazo de seis anos dende a súa terminación, polo que resulta de aplicación o artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Para resolución do presente expediente de conformidade co establecido no artigo anteriormente citado e por tratarse de obras executadas en solo de núcleo rural, resulta competente a alcaldía.

Vistos os preceptos citados e demais de xeral e concordante aplicación:

R E S O L V O :

PRIMEIRO: Declarar NON LEGALIZABLES por seren incompatibles co ordenamento urbanístico vixente, as obras promovidas en Porto Meloxo 15 – A, do Concello do Grove, en solo de núcleo rural, por Teresa Fontán Gómez, consistentes en retirada e reposición de cuberta alzando paredes exteriores e construción de forxado e muros exteriores en fábrica de ladrillo.

SEGUNDO: Ordenar a demolición das obras descritas no parágrafo anterior a custa da promotora e o cese definitivo dos usos aos que desen lugar.

TERCEIRO: Outorgar un prazo de tres meses a contar dende a notificación, para executar a orde de demolición acordada.

CUARTO: Apercebir á obrigada de que, se transcorrido este prazo non se houberse cumprido co ordenado, procederase á execución subsidiaria polo Concello, ou ben á imposición de multas coercitivas, reiterables periodicamente, ata lograr a execución pola suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

R E C U R S O S :

Potestativo de reposición.

O presente acordo pon fin á vía administrativa e poderá ser recorrido potestativamente en reposición ante o mesmo órgano. O prazo para interpoñer recurso é dun mes, contado dende a data de notificación da presente resolución. Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou ata que se produza a súa desestimación por silencio. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.

Recurso contencioso-administrativo.

O recurso contencioso-administrativo pode ser interposto directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de se-lo caso. O prazo para interpoñer este recurso é de dous meses dende a data de notificación do presente acordo se non se interpuxo recurso de reposición. Ou tamén transcorridos dous meses, pero contados dende o día en que lle sexa notificada a resolución expresa do recurso de reposición ou dende a data en que transcorra un mes da interposición do devandito recurso de reposición, se se interpuxo potestativamente”

O Grove 10 de xaneiro de 2013.—O alcalde, Miguel Angel Pérez García.

2013000682